



# COSTA DE ORTIGUEIRA

Adela Leiro, Mon Daporta  
novembro 2018



**Distancia:** 56 km (lineais) + camiñadas  
**Dificultade:** baixa



- 1-Enseada do Esteiro
- 2-Punta Fornelos
- 3-Punta de Leixa. A Ostreira
- 4-Enseada de Mera
- 5-Río Mera
- 6-Río Maior
- 7-Muíños de marea
- 8-ORTIGUEIRA
- 9-Punta Requeixo e porto
- 10-Punta Cabalar
- 11-Praia Cabalar
- 12-Praia de Morouzos.  
Lagoa de San Martiño.
- 13-Illa de San Vicente
- 14-Río Baleo
- 15-O Ladrado
- 16-Puntas do Tallo e Cal Morto
- 17-Praia Bidueiros
- 18-Praia de Espasante e río Dola
- 19-Espasante
- 20-Punta dos Prados
- 21-Praias de San Antón e O Eirón
- 22-Pena Castelo
- 23-Praia de Mazorgán  
ou do Bimbieiro, e Arxúa.
- 24-Punta Barrosa
- 25-Punta Bandexa
- 26-Praia do Sarridal  
ou Ribeira Grande
- 27-Pedra do Carro,  
Pedra Furada ou Tres Mariás
- 28-Punta da Pena Furada  
e Caneiras de Quelle
- 29-Praia da Ribeira do Carro
- 30-Praia da Lomba
- 31-Praia Fabrega
- 32-Praia Gaivoteira
- 33-Miradoiro do Coitelo
- 34-Costa de Xuncos. Porto de Loiba.
- 35-Praia do Picón
- 36-Praia de Lousido
- 37-Punta Vilardeira
- 38-Praia do Esteiro

O concello de Ortigueira está situado na ría de Ortigueira, maiormente na banda leste. A costa é moi variada con altos cantís, praias, esteiros e enseadas. É un litoral dun enorme interese xeolóxico (variedade de rochas e de formacións), paisaxístico, ecolóxico (ecosistemas, flora e fauna pouco comúns...) e etnográfico (muíños, embarcacións, construcións tradicionais...)

Unha boa parte desta costa está protexida nos LICs "Ortigueira-Mera" e "Estaca de Bares" e nas áreas ZEPA e RAMSAR "Ría de Ortigueira-Ladrado".



Vista parcial da ría de Ortigueira desde o monte Miranda (Cariño)



Vista parcial da ría e o territorio de Ortigueira desde o mirador do castelo do Casón, na parroquia da Veiga. Pódese chegara el seguindo unha ruta a pé ou en coche desde Serantes.

## PERCORRIDO


A aplitude e diversidade da costa de Ortigueira fai moi axustado coñecela nunha xornada. Plantexamos un percorrido básico en coche con paradas breves. Para coñecela ben serían precisas varias xornadas. Comezamos na **punta Fornelos**, á que se accede desde a estrada de Ortigueira a Cariño. Desde ela temos de fronte, na outra banda da ría, a vila de Ortigueira. Tamén podemos facer un desvío á **punta Leixa** para vez a antiga **ostreira**, restos dun parque-escola de ostreicultura que funcionou entre 1876 e 1884. De volta na estrada principal cruzamos o **río Mera** e seguimos rodeando o esteiro e dirección a Ortigueira, facendo unha parada no esteiro do **río Maior** para ver os muíños de marea. Unha vez en **Ortigueira** podemos visitar a vila, o porto, o muíño de vento, o **Paseo do Malecón** coas árbores centenarias... Seguimos pola estrada máis próxima ao mar e pasamos pola **punta Cabalar** para achegarnos ás **praías de Cabalar e Morouzos**. Onde tamén podemos visitar a **lagoa de San Martiño**. Volvemos á estrada en dirección a Mañón e rodeamos o esteiro do río Baleo (ría do Ladrido), desviándonos á esquerda ata o embarcadiro do Ladrido, desde onde hai unhas fermosas vistas da frecha do Ladrido e do esteiro do río. De novo na estrada collemos o cruce que nos leva a **Espasante** para ver as **praías da Cuncha e San Pedro**, o **porto**, a **punta e o castro dos Prados**. Desde Espasante podemos subir co coche ata a **Casa da Vela**, un espléndido miradoiro sobre a contorna. Continuamos por unha estrada local que nos leva a Céltigos e ás praías de **Mazorgán e Eirón**. Volvemos de novo á estrada principal e desviámonos a **Loiba** para coñecer un dos tramos de costa máis espectaculares do concello de Ortigueira: a Praia do **Sarridal**, a **Pedra Furada ou do Carro**; as **praías da Ribeira do Carro, A Lomba, Fabrega e Gaivoteira**; o **miradoiro do Coitelo**, a **costa de Xuncos**, o **porto de Loiba**; as **praías do Picón e Lousido**, a **punta Vilardeira** e a **praia do Esteiro**, onde o río fai de linde co concello de Mañón. Se que remos ter unha boa panorámica do conxunto podemos achegarnos ao miradoiro do **Castelo do Casón**, desde onde dominamos toda a ría.

## RÍA DE ORTIGUEIRA

É a maior das Rías Altas, con 12 km de lonxitude, de forma moi sinuosa e recortada, con moitos entrantes, zonas pouco fondas e lamacentas nos esteiros dos numerosos ríos e regatos. A parte interior está ocupada por marismas e a exterior por praias e cantís rochosos. Coa marea baixa queda ao descuberto unha ampla chaira intermareal.

A nivel xeolóxico é unha zona moi complexa onde converxen distintas formacións: a parte central e oriental comprende o dominio Olló de Sapo, no sur hai unha faixa de xistos, e a zona Oeste está ocupada polas rochas ultrabásicas da Capelada.

É unha importante área de pesca de baixura e marisqueo e ten un especial interese ecolóxico polas marismas que acollen a numerosas especies de aves acuáticas, sobre todo nos pasos de primavera e outono.



Punta Cabalar, Ortigueira e esteiros dos ríos Maior e Mera



1-2-Enseada do Esteiro e punta Fornelos



3-Punta de Leixa. A Ostreira



4-Enseada de Mera



5-Río Mera



6-7-esteiro do Río Maior e muíños de marea



8-ORTIGUEIRA

A vila de Ortigueira conserva un interesante casco histórico no que destacan o convento de San Domingos, a igrexa parroquial de Santa Marta e varios pazos e casas tradicionais.



Muíño de vento de Ortigueira

Porto deportivo



Alciprestes da California no Paseo do Malecón, en Ortigueira



Vista das praias de Cabalar e Moruzos desde o monte Miranda.



10-Punta Cabalar



11-Praia Cabalar



12-Praia de Morouzos, formada por unha barra de area que pecha parcialmente o esteiro do río Baleo (Ría do Ladrado). Mide 850 m e ten un sistema dunar moi amplo.



Praia de Morouzos.




Lagoa de San Martiño.



13-Illa de San Vicente  
Nela houbo un convento de franciscanos que foi abandonado no século XVI.



14-Río Baleo



Esteiro do Baleo. Vistas desde O Ladrido



15-O Ladrido



Illa de San Vicente e Punta Barra do Ladrido



16-Puntas do Tallo e Cal Morto



17-Praia Bidueiros

18-Praia de Espasante e desembocadura do río Dola



18-Praia de Espasante. Coñécese tamén cos nomes de A Cuncha e Santa Eulalia e mide algo máis de 1 km de lonxitude.




19-Espasante



20-Punta dos Prados, co castro e a praia de Santa Cristina



Castro da Punta dos Prados.  
Construción de uso termal.





20-Casa da vela no cume do monte de San Antón,  
desde onde hai panorámicas de toda a costa da  
contorna. Esta construción formaba parte dun sistema  
de vixías situado en puntos estratéxicos da costa para  
avisar no caso de ataques que funcionou desde o  
século XVI.



Vista desde a punta dos Prados: praias de San Antón, Eirón e Mazorgán



Vista do monte de San Antón e a punta dos Prados desde a praia de San Antón



21-Praia de San Antón. Conserva formacións rochosas de gran interese: basaltos, lavas almofadadas procedentes de erupcións submariñas do Paleozoico e xistos con pregamentos.



Praia de San Antón e punta Bandexa





Praia do Eirón, separada da de San Antón polas estribacións da Pena Maior.




22-Pena Castelo, entre as praias de Eirón e Mazorgán



23-Praia de Mazorgán ou do Bimbieiro



Praia de Arxúa



24-Punta Barrosa



25-Praia do Sarridal ou Ribeira Grande coa Punta Bandexa ao fondo e a Pedra do Carro á dereita



27-Pedra do Carro, Pedra Furada ou Tres Marias



28-Punta da Pena Furada e Caneiras de Quelle



29-Praia da Ribeira do Carro



30-Praia da Lomba



31-Praia Fabrega



32-Praia Gaivoteira



33-Miradoiro do Coitelo





34-Costa de Xuncos. Porto de Loiba.



36-Praia de Lousido

35-Praia do Picón



37-Punta Vilardeira



38-Praia do Esteiro. O río do Esteiro forma na desembocadura unha pequena marisma pechada cunha barra de area.